

Plan de convivencia 2023



IES Isidro Parga Pondal
Estado: aprobado e en vigor

Táboa de contidos

1 Xustificación.....	3
2 Marco Normativo.....	4
3 Ámbito de aplicación.....	4
4 Axentes responsables.....	5
4.1 Comisión da Convivencia ^[c] no centro.....	5
4.2 Departamento de Orientación.....	6
4.3 Departamento de mediación.....	8
4.3.1 Liñas xerais.....	9
4.4 Titoras e titores.....	10
5 Contextualización e Avaliación inicial.....	10
5.1 Análise conceptual.....	10
5.2 Análise de contextos.....	12
5.2.1 Situación xeográfica.....	12
5.2.2 Análise socioeconómico.....	12
5.2.3 Descrición e organización.....	13
5.2.3.1 Ensinanzas.....	13
5.2.3.2 Plans específicos.....	13
5.2.3.3 Profesorado.....	13
5.2.3.4 Alumnado.....	13
5.3 Análise histórica das accións levadas a cabo ^[d]	14
6 Obxectivos Específicos.....	17
7 Actuacións, Medidas ou Programas.....	18
7.1 Actuacións Organizativas, Curriculares e de Coordinación.....	18
7.2 Actuacións para garantir a Participación.....	18
7.3 Actuacións de formación e divulgación.....	19
7.4 Medidas ou programas.....	19
8 Canles de coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa.....	20
9 Difusión do Plan.....	20
10 Seguimento e avaliación.....	21
10.1 Seguimento e avaliación.....	21
10.2 Propostas de Mellora.....	21

1 Xustificación

“A Escola tradicional consideraba o orde como un fin en si mesmo e os problemas de conduta como ofensas persoais, desde unha visión das relacións alumno-profesor impersoais, de desconfianza. O enfoque humanista considera o aprendizaxe desde un punto de vista psicolóxico e sociolóxico, máis que moral, facendo fincapé nas relacións persoais, o respecto, a democracia e o afecto. E dicir, trátase de ensinar e que aprendan, pero sen provocar aversión para o aprendizaxe, e de conseguir orde, pero sen provocar odio”

Santos Guerra

A aula e o centro escolar é un lugar de aprendizaxe de competencias cognitivas e socio-emocionais, entre outras. A falta de competencias cognitivas plásmase en baixos resultados académicos, mentres^[a] a falta de competencias socio-emocionais materialízase na aparición de conflitos. Non se pode falar, polo tanto por separado de rendemento académico e de convivencia: forman parte dun único currículo, entendendo este como instrumento ao servizo dunha formación integral e dun desenrolo persoal equilibrado. Case todos os conflitos presentes nas aulas son un reflexo da ausencia de competencias socio-emocionais: faltas de respecto e autocontrol, agresividade, desmotivación^[b], ausencia de límites, son exemplos de problemas que caen absolutamente dentro do ámbito do socio-emocional e deben ser contemplados como sinais de carencias competenciais. Estas carencias so poden ser subsanadas mediante actuacións debidamente planificadas desde o centro, que persigan no só a resolución de conflitos, sino o fortalecemento de actitudes e hábitos sans de convivencia, transferibles á vida extra-escolar.

Polo tanto aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principias desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias e pacíficas. Os centros, en colaboración con outras institucións e organismos do entorno deben ser os que establezan medidas desde o ámbito da prevención e da resolución pacífica de conflitos englobados nos Plans de convivencia

O enfoque da convivencia no noso centro ten unha visión construtiva e positiva polo que as actuacións van encamiñadas ao desenrolo de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, bos cauces de comunicación e a prevención de problemas de conduta; para todo isto elaboramos este plan de convivencia que recolle unhas regras de boa convivencia e unha normativa que regularán o funcionamento do centro.

Para desenrolar este plan baseámonos nos seguintes principios:

- 1.A elaboración do plan é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a comunidade educativa para o fomento dunha boa convivencia no centro.
- 2.A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental de todo proceso educativo; non é unha mera aplicación de medidas disciplinarias. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas mediante assembleas de clase, xunta de delegados, etc. Así mesmo debe introducir aos alumnos/as unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social (habilidades socio-emocionais).

3.O conflito é inherente á vida en común das persoas; debe entenderse como algo positivo e servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.

4.Unha boa xestión global da convivencia non evitará a aparición de problemas e conflitos porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero non nos cabe dúbida ningunha que a prevención contribúe positivamente a reducilos e minimizalos.

5.Propoñémonos fomentar os valores democráticos para a convivencia: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta en todos os nosos alumnos/as.

2 Marco Normativo

Marco normativo de referencia en relación co plan de convivencia:

- Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa ([🔗](#)).
- Decreto 8/2015, do 8 xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 ([🔗](#)).

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro.

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

O artigo 10.1, da Lei 4/2011, así como o artigo 11.3, do Decreto 8/2015, establecen que: “O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro”.

O artigo 6, do Decreto 8/2015, establece que en cada centro educativo crearase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar.

Tendo en conta o anteriormente exposto, esta dirección, xunto co resto do equipo directivo, procede á elaboración deste plan de convivencia, Plan que someterá á supervisión da inspección educativa e que posteriormente incorporará ao proxecto educativo do centro.

3 Ámbito de aplicación

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

4 Axentes responsables

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

4.1 Comisión da Convivencia no centro

A comisión de convivencia vén regulada no artigo 6 do [Decreto 8/2015](#), considerándose como un órgano con carácter consultivo. Crease no seo do Consello Escolar de cada centro e desempeñará as súas funcións por delegación deste para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Cales son as súas funcións/actuacións?

A comisión de convivencia exercerá segundo se recolle no artigo 6.4, por delegación do consello escolar, as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan. Esta función será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

4.2 Departamento de Orientación

Os principios e actuacións do Departamento de Orientación no IES Isidro Parga Pondal están axustados á normativa vixente recollida neste Plan en materia de convivencia escolar.

Os principios que orientan o traballo do departamento de Orientación en materia de convivencia escolar reflicten un enfoque global, preventivo e de traballo en equipo:

- Enfoque global. Consideramos que a inclusión educativa e o rendemento académico están intimamente relacionados e son factores fundamentais no clima de convivencia do noso centro educativo así , desde este departamento, tratamos de mellorar a convivencia escolar actuando sobre os diferentes elementos que a determinan e condicionan. Así mesmo, pensamos que toda a comunidade educativa, coa colaboración das institución e axentes externos, son responsables e necesarios na mellora da convivencia escolar.

O enfoque globalizador tamén se refire a educación integral dos nosos alumnos. As medidas adoptadas en materia de convivencia deben buscar o equilibrio entre medidas correctoras e educativas; a resolución pacífica de conflitos debe ser nunha posibilidade de aprendizaxe diaria que axuda á formación de persoas autónomas e con habilidades para desenvolverse en sociedade.

- Enfoque preventivo. O departamento de orientación no IES Isidro Parga Pondal prioriza a prevención en todos os ámbitos, polo que en materia de convivencia colabora na diagnose inicial de necesidades e medidas de prevención de conflitos: asesoramento na formación de grupos, selección de medidas de atención á diversidade, asesora na formación do profesorado en manexo de conduta na aula, selección de alumnado axudante e mediadores, etc.

- Traballo en equipo. O departamento de orientación forma parte do equipo de dinamización da convivencia que se reúne semanalmente para levar a cabo unha actuación conxunta e coordinada; tamén se facilita a implantación dos programas e medidas correctoras e favorecedoras da convivencia a través do plan de acción tutorial, que está supervisado pola xefatura de estudos. Só este traballo coordinado permite melloras nun problema tan complexo e multifactorial como o da convivencia escolar.

Actuacións

O departamento de orientación colabora no deseño e posta en práctica das medidas favorecedoras da convivencia escolar implantadas desde os diferentes niveis:

NOF	O DO asesora e colabora no deseño e aplicación dos procedementos sancionadores e correctores.	Coordinación con xefatura de estudos, titor e equipo de mediación nas decisións adoptadas.	Deseño e implantación de programas específicos individuais para mellora de conduta.
PAT	Programas desenvolvidos	Coordinación con titores, equipo de	Selección de alumnos axudantes e

	nas horas de titoría	mediación e xefatura de estudos. Colaboración con educadores externos que desenvolven programas formativos específicos	mediadores Curso formación en habilidades sociais Cursos de educación emocional, prevención de adiccions, etc. en colaboración con entidades externas (Vieiro, Integro, Garda Civil, etc.)
Familias	Atención a demandas individuais	Derivación a axentes externos nos casos necesarios e seguimento coordinado de cada caso, xunto coa xefatura de estudos e titor/a	Escolas de Pais e Nais de Vieiro Servizos sociais do Concello Profesionais sanitarios, etc.
Protocolos de prevención de acoso e ciberacoso escolar e absentismo escolar	Prevenção a través das reunións semanais con alumnos axudantes e seguimento titorial Detección de casos	Derivación a axentes externos nos casos necesarios e seguimento coordinado de cada caso, xunto coa xefatura de estudos e titor/a	Plans reeducativos específicos, favorecedores da integración escolar e para previr o abandono temperá
Profesorado	Formación en manexo de conduta na aula Asesoramento segundo NEAE Asesoramento sobre protocolos educativos e medidas para a	Coordinación dos equipos de profesores para a implantación coordinada e conxunta das medidas de mellora da convivencia	Reunións informativas ao inicio de curso e durante o mesmo Asesoramento individualizado segundo demandas

	mellora da convivencia escolar		
Equipo de mediación	Resolución de conflictos de convivencia e seguimento dos mesmos	Coordinación co equipo de mediación e xefatura de estudos	Uso aula ATI Derivación de alumnos a programa individualizado de convivencia Proceso e casos de mediación escolar
Alumnado	Atención de demandas individuais	Coordinación con docentes, familias e axentes externos	Programas específicos en función de demandas

Favorecer a convivencia e resolución pacífica de conflitos. As actuacións estarán coordinadas cos responsables do equipo de mediación, quedando establecidas reunións semanais para desenvolver actuacións dirixidas a mellorar a convivencia no centro. Traballarase na implantación do “Alumnado axudante”, escollendo ao alumnado en 1º ESO e continúa durante toda a súa estada no centro, co fin de mellorar a prevención de situacións contrarias á convivencia como o acoso ou maltrato entre iguais. Así mesmo, continuaremos a colaboración coa Asociación Vieiro e outros organismos, para desenvolver habilidades sociais e hábitos de vida saudables.

O departamento de orientación colaborará tamén co equipo de mediación para desenvolver o “Programa de convivencia” destinado a mellorar a conduta daqueles alumnos que ocasionan problemas de convivencia nas aulas de forma reiterada; o obxectivo deste programa é diminuír no posible as sancións que con levan a perda de dereito a clase.

4.3 Departamento de mediación

Tal como se recolle na lexislación vixente, os centros educativos promoverán a través das Xefaturas de Estudos a mediación como método de resolución pacífica de conflitos.

A mediación escolar é un método de resolución pacífica de conflitos, no que mediante a intervención imparcial dunha terceira persoa, axúdase ás partes implicadas a acadar por si mesmas un acordo satisfactorio.

Baséase nos seguintes principios:

- É un acto cooperativo e non competitivo
- Está orientado cara o futuro en vez de cara o pasado
- Ninguén gaña nin perde: as dúas partes saen gañando
- Esixe honestidade e sinceridade
- É voluntario
- Non é ameazante nin correctivo
- É confidencial

Calquera membro da comunidade educativa pode ser mediador/a, as características que debe reunir un mediador/a son:

- É neutral, non trata de favorecer a ningunha parte.
- Non é un xuíz do conflito.
- É un bo oínte, usa técnicas de escoita activa.
- Está interesado en que as partes se sintan a gusto.
- É paciente, está disposto a axudar ás partes.

O departamento de Convivencia e Mediación xorde cando un grupo de profesores/as propón incorporar ao noso centro unha serie de estratexias pacíficas para a solución de problemas e a toma de decisións. Considerando básico os valores de educación para a paz, a tolerancia, a solidariedade, a convivencia e o diálogo, créase o Documento Base de Mediación, aprobado polo Claustro e o Consello Escolar a comezos do curso 2007/2008.

No artigo 26 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, atopamos:

- A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.
- Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.
- O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.
- Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

4.3.1 Liñas xerais

A solicitude de mediación formalizarase no departamento de Mediación e ten carácter voluntario.

O departamento de Mediación, unha vez formalizada a solicitude, debaterá acerca da pertinencia da mesma e comunicará a decisión aos solicitantes.

O inicio dun proceso mediador paralizará, no seu caso, o procedemento sancionador previsto nestas normas.

A solicitude de mediación será tida en conta como atenuante en caso de sanción.

Os acordos ou, no seu caso, falta de acordo, tras un proceso mediador, quedarán consignados por escrito no departamento de Orientación.

O incumprimento dun acordo de mediación será considerado como agravante en caso de sanción.

4.4 Titoras e titores

Dentro das accións encomendadas aos titores e titoras no noso Plan de Acción Titorial, reproducimos as seguintes actividades de convivencia:

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do instituto, elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares, en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares	Selección de propostas, establecemento de comisións, pactar funcións e responsabilidades e planificar as intervencións de cada comisión (por exemplo: comisión de festas, comisión de actividades culturais, comisión de excursións, etc)	Técnicas de grupo: chuvia de ideas, Phillip 6.6. Creación de comisións Traballo en pequenos grupos.

5 Contextualización e Avaliación inicial

5.1 Análise conceptual

Para poder elaborar un plan de convivencia útil e eficaz o primeiro paso é entender dun mesmo xeito todos aqueles conceptos implícitos na nosa convivencia e que para nós quedan definidos do seguinte xeito.

Absentismo escolar: ausencia inxustificada ás clases.

Acoso: conduta agresiva intencionada, realizada de forma habitual, persistente e sistemática, con desequilibrio de forzas entre a vítima e o agresor e con ausencia de provocación por parte da persoa agredida. Acoso físico (empurróns, patadas, agresións con obxectos, etc.), verbal, relacional, sexual.

Agresión: reacción esaxerada e hostil para satisfacer os propios intereses aínda que isto supoña anular as necesidades do outro, atacando ou humillando a outra parte.

Agresividade: estado de alerta diante dun perigo real ou ficticio. Isto é o que se pode considerar innato e non a agresión.

Asertividade: comunicación e busca da satisfacción dos propios intereses e necesidades, reclamando os propios dereitos sen atacar, violentar ou humillar a ninguén.

Autoestima: valoración dos conceptos que se teñen sobre un/ha mesmo/a, e que se consegue comparando o que se fai ou como se é con algún criterio estándar, proposto por un/ha mesmo/a ou por outras persoas.

Autonomía: capacidade para realizar as tarefas por nós mesmos/as.

Civismo: calidade da persoa que cumpre cos seus deberes e responsabilidades de cara á comunidade. Comportamento cortés, educado.

Colaboración: traballo conxunto de varias persoas con vista a un obxectivo común. Para colaborar con outras persoas é fundamental respectar e considerar as ideas dos/das demais, polo que se debe evitar calquera manifestación de intolerancia.

Comportamentos disruptivos: comportamentos que se afastan da ruta educativa e que dificultan que se acaden os obxectivos formulados. Con respecto ao currículo: falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación...; con respecto aos compañeiros/as: mentir, falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo, etc.; con respecto ao centro: non aceptar as normas, deambular polo centro, non respectar o material...

Conflito: desacordo entre dúas ou máis partes porque os seus intereses, necesidades ou valores son incompatibles ou percibidos como incompatibles, e onde as emocións e os sentimentos teñen un papel importante.

Convivencia: maneira de vivir socialmente en harmonía, favorecendo a tolerancia e os intercambios entre persoas e grupos.

Disciplina: conxunto de regras, elaboradas e asumidas por todos os sectores implicados, que fan posible a convivencia pacífica.

Empatía: competencia social que, situándonos no lugar do outro, nos predispón para escoitalo, para atender os seus razoamentos e para captar o significado da información que poida ofrecernos, interesándonos polos seus sentimentos e pensamentos.

Igualdade: situación na que as persoas teñen os mesmos dereitos e oportunidades, e non existe submisión dunhas respecto das outras.

Liberdade: facultade para decidir o modo de actuar sen coaccións externas.

Marxinación: exclusión de alguén de certas participacións. Marxinación : social, por razón de sexo, de relixión, de raza ...

Mediación: método para a resolución de conflitos no que as partes enfrontadas recorren, voluntariamente, a unha terceira persoa imparcial, o mediador ou mediadora, para chegar, mediante o diálogo, a un acordo satisfactorio.

Matonismo ou acoso entre iguais: actitude reiterada de intimidación, agresión, ameaza ou abuso sobre unha persoa, levada a cabo por outra persoa ou por un grupo.

Resilencia: capacidade para repoñerse ante o fracaso.

Respecto: valor, minimamente esixible na sociedade en que vivimos pois fai posible a convivencia e o bo entendemento entre os membros da mesma, que consiste en deixar ao outro/a vivir segundo os seus criterios, aínda que a súa forma de ver o mundo non coincida coa nosa.

Sexismo: situación que consiste en manter diferentes funcións para as persoas segundo o seu sexo.

Tolerancia: consideración e respecto ás ideas e ás opinións dos/as demais, aínda que non se compartan. Capacidade de admitir no resto das persoas formas de pensar ou de actuar distintas ás propias.

Vandalismo: comportamento destrutivo, con tendencia a facer destrozos nos bens comunitarios ou alleos.

Violencia: conduta intencionada, que transgrede un dereito ou ocasiona un dano, e busca o sometemento e o control da vítima. Violencia física, psicolóxica, sexual, económica, virtual.

Xenofobia: odio ou aversión a todo o estranxeiro, normalmente procedente de países considerados inferiores.

5.2 Análise de contextos

5.2.1 Situación xeográfica

O IES Isidro Parga Pondal encóntrase situado en Carballo. Esta localidade está situada ó NO de Galicia, entre a Fisterra atlántica e o golfo Ártabro. Goza dunha localización privilexiada entre as dúas cidades máis importantes da Comunidade Autónoma, A Coruña e Santiago de Compostela. Cunha superficie de 187 km² é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus máis de 31.000 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias: Aldemunde, Ardaña, Artes, Bértoa, Cances, Carballo, Entrecruces, Goiáns, Lema, Noicela, Oza, Razo, Rus, Rebordelos, Sísamo, Sofán, Verdillo e Vilela. Case o 60% dos seus habitantes concéntranse no núcleo urbano, situado xunto ó río Anllóns, acadando a cuarta posición entre as cidades da provincia.

Carballo, capital da comarca de Bergantiños, é unha das de maior personalidade etnográfica de Galicia, coñecida pola xenerosidade das súas terras, punto de encontro de todo o contorno e xerme de espírito comercial dunha vila que na actualidade destaca pola súa prosperidade e dinamismo económico.

Na entrada da costa da Morte, o municipio benefíciase dunha privilexiada situación xeográfica que lle permite establecer cómodas comunicacións coas principais cidades de Galicia e gozar da diversidade paisaxística que configuran os seus ríos, mentres que a través do espacio natural de Razo-Baldaio asómase o Atlántico por un dos puntos máis occidentais de Galicia e da Península.

5.2.2 Análise socioeconómica

O dinamismo económico da comarca puxo en marcha un proceso de concentración urbana. Nos últimos anos a vila de Carballo aumentou a súa poboación nun 126% mentres que no resto baixou en case un 25%. As causas que explican esta disparidade tamén hai que buscalas no forte éxodo rural cara cidades próximas e cara Suíza.

Ata os anos 60 o municipio gravitaba sobre unha economía agropecuaria e forestal. Estes produtos comercialízanse periodicamente nas feiras de Carballo. os 2º e 4º domingos de cada mes e, se o houbera, na 5º o Feirón, así como nos mercados diarios e semanais dos xoves.

O desenvolvemento comercial e de servizos tamén polarizouse na vila carballesa, acadando a súa área de influencia a toda a comarca. Sen dúbida a súa posición de encrucillada favoreceu o crecemento urbano radial e a dotación de diversos equipamentos públicos sanitarios, educativos, etc. Hoxe, Carballo posúe unha elevada accesibilidade, destacando a autoestrada de A Coruña que desconxestiona un dos tramos de maior tráfico de toda Galicia. O comercio, moi activo e especializado, ocupa ó 38,65% da poboación activa.

5.2.3 Descrición e organización

O IES Isidro Parga Pondal foi creado en 1993, e desde 1994 conta con persoal docente fixo; sendo o terceiro centro de secundaria no concello. Ten adscritos os colexios de educación primaria seguintes: CEIP Bergantiños, CEIP Canosa- Rus e CEIP de Razo.

5.2.3.1 Ensinanzas

Neste centro impártense na actualidade as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria: 1º 2º 3º e 4º da ESO.
- Bacharelato: 1º e 2º Cursos nas seguintes modalidades:
 - Bacharelato de Ciencias.
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos formativo superior:
 - Administración de Sistemas Informáticos en Rede
- Educación de adultos: EBI, ESA e Bacharelato para adultos.

5.2.3.2 Plans específicos

- Contratos programa:
 - PROA: modalidade de acompañamento escolar
 - Mellora da convivencia e igualdade nos centros.
 - Prevención do abandono temperá e absentismo escolar.
 - Mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia.
- Clube de lectura.

5.2.3.3 Profesorado

A plantilla de profesorado para ó curso 2018/2019 é de 64 mestres/as, profesores/as, dos cales 57 son fixos.

5.2.3.4 Alumnado

Durante o curso 2018/2019 o centro conta con aproximadamente 600 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito:

CURSO	GRUPOS	ALUMNOS/AS
1º ESO	5	132
2º ESO	4	110
3º ESO	4 + 1 PDC	95
4º ESO	4 + 1 PDC	106

1º BACHARELATO	2	66
2º BACHARELATO	2	50
1º CICLO	1	18
2º CICLO	1	20
EBI	2	1
ESA	1	44
bacharelato adultos	2	46

A maioría dos/as alumnos/as residen no concello de Carballo. Ademais, o centro recibe alumnos/as dos concellos de Laracha, Coristanco, Malpica, Tordoia, Cerceda, Ponteceso, Cabana e Arteixo. O 46% dos pais/nais estiveron emigrados/as, principalmente en Alemania, Suiza e Gran Bretaña. De todos eles o 13% aínda continúan emigrados. A porcentaxe de alumnos/as que residiron algunha vez no estranxeiro é do del 33%, a maioría deles en Suiza.

En canto á profesión dos pais : o 57% traballa na industria, el 15% no sector servizos, un 12% son empresarios, o 6% adícase á agricultura, ó 7% transportistas, 2% funcionarios e un 1% mariñeiros. A maioría traballa en Carballo e na comarca, e o resto en A Coruña e no estranxeiro. O 70% das nais son amas de casa.

Algúns alumnos proceden de familias con problemas serios de desestructuración e con alteración no comportamento e temos unha porcentaxe significativa de alumnos con problemas de aprendizaxe e motivación, ademais de algúns pertencentes a minorías étnicas.

5.3 Análise histórica das accións levadas a cabo

Unha gran parte do profesorado do noso centro ten experiencia traballando en temas de convivencia. No curso académico 2005/06 un grupo de 18 profesores/as do centro, apoiados polo Claustro e o Consello Escolar solicitou a formación de dous Grupos de Traballo: "Convivencia e Conflitividade no Centro Educativo" e "Mediación e resolución de conflitos". Entendíamos que no contexto social actual nos Centros Educativos os conflitos xorden con máis asiduidade e a exclusiva

aplicación do RRI (Regulamento do Réxime Interno; tamén NOF, Normas de Organización e Funcionamento) non resolve a problemática de fondo. Partíamos da crenza de que é posible dar outra resposta aos conflitos que xurdan e que, en calquera caso, toda actuación debe pasar polo diálogo compartido e pola resolución pacífica dos conflitos.

Eramos conscientes de que estabamos a abordar unha problemática de fonda raíz e que deberíamola tratar dun xeito global, onde a filosofía imperante sería a dun modelo integrado no que dentro dunha proposta global de centro se atope a Xestión da Convivencia a través dun departamento de Mediación, buscando como resultado unha autoridade máis consistente e educativa.

Non só pretendemos prever a aparición da violencia senón incorporar ao noso Centro unha serie de estratexias pacíficas para a solución de problemas e a toma de decisións, favorecendo deste xeito o clima da aula e do Centro.

O traballo de campo levado á práctica polo grupo “Convivencia e Conflitividade no Centro Educativo” supuxo o estudo real da conflitividade no noso centro, as súas causas e os métodos de resolución empregados.

Partindo desta análise, no Grupo de Traballo sobre “Mediación e Resolución de conflitos” chegamos ás seguintes conclusións sobre os distintos métodos de resolución de conflitos:

a) No modelo integrado e relacional o poder de resolución do conflito trasládase á relación (comunicación directa entre as partes). As partes, por propia iniciativa ou animados por outros, buscan a solución aos seus problemas de xeito que, a través do diálogo, traten de chegar a unha resolución do conflito. A vítima pode recibir unha restitución material, inmaterial ou moral por parte do agresor, quen á súa vez libera a culpa.

b) Neste modelo integrado e relacional a comunidade educativa sabe que ante os conflitos estase actuando, e ademais, de xeito humanizado. Obviamente, o centro é un elemento activo no proceso ao outorgar lexitimidade e status á estrutura organizativa adicada á resolución dos conflitos (Departamento de mediación).

c) O modelo integrado e relacional suma os modelos restaurativo e retributivo, obtendo como resultado unha autoridade máis consistente e educativa. Ademais de prever a aparición da violencia contribúe a incorporar nos centros estratexias pacíficas para a solución de problemas e a toma de decisións, favorecendo deste xeito o clima da aula e o centro.

d) Rexeitaremos modelos de resolución baseados unicamente na sanción e afirmar tamén a necesidade de aplicar novos modelos de resolución pacífica e democrática. Polo tanto, optaremos polo modelo Integrado sabendo que esixe contar no centro con capacidades e estruturas que potencien o diálogo.

Neste mesmo curso 2005/2006 celebramos no noso centro un curso de formación sobre conflitividade cunha duración de 15 horas impartido por unha especialista no tema, Montserrat Monrás

No curso 2006/2007 un grupo de profesores e profesoras do centro elaboran o proxecto “Mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar” galardoado cun premio Valora Convivencia, no que se contaba coa participación da ANPA, o alumnado e a Asociación Vieiro. O obxectivo fundamental

deste proxecto e dotar ao centro de novas estratexias, ferramentas, capacidades e estruturas que nos achegasen a ese modelo integrado de convivencia.

As conclusións reflectidas na memoria foron as seguintes:

a) A implicación dun gran número de profesores do centro na realización e posta en marcha do proxecto leva implícito incorporar ao noso centro unha serie de estratexias pacíficas para a solución de problemas e a toma de decisións, favorecendo deste xeito o clima da aula e do centro, onde a filosofía imperante debe ser a dun modelo integrado no que dentro dunha proposta global de centro se atope a xestión da convivencia a través dun departamento de Mediación, buscando como resultado unha autoridade máis consistente e educativa.

b) A implicación dos alumnos, pais e a Asociación Vieiro é básico para o centro pois necesítase que toda a comunidade educativa entenda o proxecto como seu para empurrar xuntos na mesma dirección.

c) A posibilidade de que un grupo tan amplo de persoas (profesores, pais, alumnos, Vieiro) poda tirar de todo o centro e pouco a pouco integrar novo persoal no proxecto.

d) A calidade dos materiais elaborados, totalmente aplicables á realidade do noso centro e que se poñen en práctica no curso actual.

e) As discusións e debates dentro do seo do grupo que permitiu tratar temas desde unha perspectiva profesional e avanzar cara unha visión do centro como un ente vivo, onde todos debemos implicarnos no seu funcionamento e buscar unha autoridade máis educativa e un clima de cooperación e diálogo.

f) É necesaria a implicación do Centro na busca de novas solucións aos retos que presenta o sistema educativo actual froito dunha sociedade asentada nos piares básicos dun sistema democrático: o diálogo, a cooperación, a paz, a igualdade, a atención á diversidade, a non discriminación, a tolerancia, etc.

O grupo de persoas integradas no proxecto desenvolve a súa actividade desde diversas fronteas:

1º- Elaboración de materiais e documentos.

a) Elaboración do documento base da mediación incluído no PEC e aprobado por unanimidade no claustro de profesores e no consello escolar (Veáse Anexo II: Documento base de Mediación).

b) Modificacións do RRI necesarias para integrar nel a mediación como método de resolución de conflitos.

c) Inclusión da mediación no PAT.

d) Difusión do programa de mediación: para dar a coñecer o documento base da mediación entre o profesorado, alumnado, pais e nais se fixeron diversas actuacións:

- Concurso de difusión do programa entre os alumnos.
- Concurso do logotipo para a mediación.
- Elaboración dun tríptico.
- Presentacións multimedia para o claustro de profesores e aos membros do consello escolar
- Presentación do proxecto á xunta de delegad@s do centro.

4. Actuacións do departamento de mediación para o curso 2023-24

4.1. CONTRATOS PROGRAMA:

Espérase firmar coa Consellería de Educación os Contratos-Programa Inclúe (CP Inclúe) que permita desenvolver varias actuacións:

1) QUÉDA-T Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar: a través desta actuación pretendemos traballar coa aula de convivencia. Creación dun espazo de traballo para o alumnado expulsado con persoal especializado. Cando haxa alumnado expulsado o especialista acudirá ao centro alguha hora á semana para traballar habilidades sociais e emocionais e tratando de conseguir unha maior integración no centro e evitar o abandono escolar.

2) IGUÁLA-T: eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, previr e abordar a violencia de xénero, pór en valor a diversidade afectivo-sexual e de xénero,...

3) CONVIVE-T: a través desta actuación facemos a formación de alumnado axudante e mediadores, habilidades socioemocionais...

4) INCLÚE-T: como centro inclusivo, cos patios inclusivos e recreos dinámicos queremos identificar e potenciar as diversas habilidades ou competencias do alumnado.

5) EMOCIÓN-T: Importancia e repercusión das aprendizaxes non cognitivas (emocionais) para o benestar persoal e social. Desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, empatía, resiliencia, habilidades comunicativas, autocontrol emocional...

Tamén se solicita á Consellería de Educación os Contratos-Programa CP Innova que permita desenvolver varias actuacións:

1) EDU SOSTIBILIDADE: como centro educativo comprometémonos cos obxectivos de desenvolvemento sostible.

2) EDU SAÚDE: daremos importancia ós bos hábitos alimenticios e de vida saudable que se completará co traballo no horto escolar (actividade patios inclusivos)

3) EDU EXCELENCIA: organización da semana da música no mes de maio.

A través deste contratos organizarase unha serie de obradoiros e actividades ao Departamento de Mediación para grupos de alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º e 4º de ESO, ademais de bacharelato e ciclos.

Durante este curso seguirase a desenvolver o **programa de alumnado – axudante** aprobado polo claustro deste centro e que durante o curso pasado funcionou en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. O alumnado axudante xa formado actuará en 2º, 3º e 4º de ESO e elixirase e formarase alumnado de 1º ESO. No curso 2019-2020 formouse novo alumnado mediador a través do Programa de formación de Mediadores, formación que levaba varios anos sen levarse a cabo.

Neste curso comezase a implementar o Programa da “Titoría entre Iguais” consistente en que o alumnado de 3ºESO e 4ºESO poida titorizar un ou varios alumnos recién chegados ao centro (Plan de Acollida).

Creación de Punto de Atención Continuada ao alumnado na aula do Departamento de Mediación, todos os xoves no recreo (11:00 – 11:30).

Para organizar todo este traballo, hai con 6 profesores mediadores: Mar Eirís Villar, María Sánchez Gutiérrez, Pilar Canedo Vilariño (Dinamizadoras da Convivencia), Belén Lendoiro Esmoris, Juan Luis López Sánchez, Vanesa Lorenzo Uzal, Virginia López Otero., a Orientadora (Mara Lema Agra), o xefe de estudos (Angel Antonio Carracedo Leirós) e o director (Jesús Pensado Figueiras).

As persoas que forman parte do Departamento de Mediación reúnen para planificar as actividades e tamén para tratar sobre a convivencia no centro e intentar resolver os problemas que vaian xurdindo durante a semana, sempre en colaboración coa Xefatura de Estudos. Atendendo á inmediatez, sempre que se poida, xa que para aínda que para os adultos o problema non pareza que sexa grave para eles, como adolescentes, é vital e crucial para a súa convivencia dentro do grupo.

No departamento de Mediación debe avaliarse en cada curso o grao de cumprimento do proxecto, o grao de satisfacción dos seus membros así como o funcionamento do Departamento. Tamén se avalía a convivencia no centro, para planificar novas actuacións de mellora.

Baseándose nesta avaliación, os membros do departamento xunto coa Orientadora realizaranse as seguintes iniciativas para mellorar o clima de convivencia no centro no vindeiro curso 2023-2024.

4.2. Medidas organizativas:

- Elaborar un mapa de problemas nos cursos de primeiro de ESO para levar á avaliación inicial en colaboración co profesorado que imparte docencia. Elaborar unha enquisa que recolla os problemas: cognitivos, sociais e conductuais. Os datos serán analizados e realizarase un informe individual de cada alumno onde aparecerán os problemas detectados e propostas de mellora (banco de solucións). En todo momento este traballo terá un carácter colaborativo e proactivo.
- Continuar co proceso de integración da Mediación como mellor ferramenta para a solución de conflitos involucrando aínda máis ao alumnado e trasladando a importancia da mediación ao resto da comunidade educativa. Ao principio de curso informaremos a todo o profesorado dos proxectos nos que estamos a traballar e animar aos novos membros do claustro a traballar neles.
- A hora de coordinación entre a Xefatura de Estudos, o departamento de Orientación, a Dinamizadora da Convivencia e, o profesorado mediador está por determinar en función da coincidencia dos nosos horarios. Nesta hora de coordinación analizaranse as situacións problemáticas, tomaranse decisións relativas á convivencia, organizaranse actividades programadas de convivencia e todas as cuestións que calquera dos asistentes á reunión considere oportuno tratar
- Organización das xornadas de información sobre o servizo de mediación e o curso de formación de mediadores e alumnado axudante e o Programa de Convivencia a nais, pais e alumnado.
- Ao longo do mes de outubro, organizaremos charlas a todos os grupo de 1ºESO, nas horas de tutoría coa colaboración dos alumnos mediadores e axudantes nas que daremos a coñecer o servizo de mediación.
- Potenciar o traballo das titoras a través de reunións de coordinación e debate, facilitándolles materiais e recursos co obxectivo de introducir en todas as aulas estratexias pacíficas de resolución de conflitos e pautas e habilidades sociais que axuden a previr a aparición dos mesmos implántandose o Programa de Convivencia.

- Seguir desenvolvendo o protocolo de actuación de alumnos axudantes que estará coordinado polos membros do departamento de mediación, reuníndose un día á semana no recreo.
- Informar, divulgar todo o programado e planificado polo departamento de Mediación ao claustro de profesores, membros do Consello Escolar e Comisión de Convivencia.
- En colaboración co equipo directivo seguirase co Programa de Convivencia como paso previo aos apercibimentos, intentando que ese alumnado que é enviado a el mellore a súa actitude.
- Modificación e adecuación á organización e horarios do centro do protocolo do programa de Convivencia.
- Aplicar as tecnoloxías aos sistemas alumno axudante.
- Seguir revisando e optimizando o blog do Departamento de Convivencia e Mediación
- Facer unha presentación da mediación e do programa de alumnado axudante nun dos centros adscritos e outros centros interesados que se puxeron en contacto con nós para iniciarse na mediación. Tratarase de trasladar as nosas experiencias a través dalgúns mediadores e alumnados axudantes que acudirían con nós.
- Seguir espallando o proxecto e participar no intercambio de experiencias con outros centros cos que se presente a oportunidade.
- Explicar os principios da mediación nas Xornadas de Acollida que se organizan en maio-xuño cos alumnos de nova incorporación dos nosos centros adscritos, nas cales os alumnos mediadores explicarían a mediación, como ferramenta de resolución de conflitos; e amosaranlles o centro e as súas instalacións.

4.3. Medidas formativas:

- Para propiciar a sensibilización, implicación e compromiso da comunidade educativa nos valores que leva implícitos a convivencia e a educación para a paz, o Departamento de Mediación e Convivencia ten previsto organizar varios talleres:
 - Realización do curso de formación de alumnado axudante de 15 horas de duración repartidas en sesión de hora e media semanais, os luns de 14:30 a 16:20 nos meses de novembro e decembro.
 - Realización do curso de formación de alumnado mediadores de 12 horas de duración repartidas en sesión de hora e media semanais, os luns de 14:30 a 16:20 nos meses de xaneiro a febreiro.
 - Programa de Habilidades Socio-emocionais: desenvolverase un programa de Educación Emocional e Habilidades Sociais deseñado e desenvolvido pola Asociación Vieiro e o Departamento de Convivencia e Mediación e no que este ano como ano pasado abrírase á

participación dos pais e nais. Con este programa preténdese que o alumnado que presenta serios problemas de relación e socialización adquira recursos e estratexias conductuais, cognitivas e de relación social que sirvan para desenvolverse mellor nun sentido completo e global.

- Realizar charlas sobre valores e comportamentos na adolescencia dirixidos ao alumnado.
- Dende o curso 2015/16 e como unha medida solicitada no Contrato- Programa vense traballando en casos puntuais co alumnado expulsado e coas súas familias, con persoal alleo ao centro que intenta modificar as súas condutas; aula de cambio.
- Este curso solicitamos un PFPP (Plan de formación do profesorado) con dúas liñas importantes para a convivencia no centro:
 1. Patios inclusivos. (escola inclusiva e atención á diversidade, agricultura rexenerativa traballando na horta do centro.)
 2. Mediación na aula, mediación entre iguais, resolución de conflitos, xestión da aula (convivencia escolar e clima de aula). E intención de empezar realizar un protocolo de alumnado ciberaxudante.

4.4. Medidas de colaboración:

- Participación activa con centros que soliciten a nosa experiencia a través dos CFR ou a título individual que xordan ao longo do curso.
- Colaboración coa Xefatura de Estudos en todos aqueles casos que requiran a intervención do departamento de Convivencia e Mediación.
- Colaboración coa ANPA para que divulgue entre os socios, o calendario de formación de mediadores, coa finalidade de animar ás nais e pais que se formen en aspectos relacionados coa mediación.
- Colaboración coa asociación Vieiro no taller que todos os cursos organiza durante todo o segundo trimestre nas horas de titoría de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO sobre distintos temas de interese na adolescencia (sexo, drogas,...).

4.5. Outras medidas:

- Elaboración dun recordo para os alumnos/as mediadores de 2º de bacharelato e para os que abandonan o centro una vez finalizada a ESO que se lles entregará na festa de graduación.
- Constátase un aumento significativo no número de visitas ao noso blog (creado en xaneiro de 2011), tanto a nivel autonómico como nacional. Isto supuxo unha difusión do noso traballo o que permitiu a outros centros e organismos poñerse en contacto directo con nós e solicitar nosa colaboración e asesoramento. Por todo isto, manteremos actualizado o blog de mediación:

<http://www.mediacionpargapondal.blogspot.com>

9 Difusión do Plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa, para acadar tal obxectivo realizaranse as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina web do centro.
- Alumnado: Terase unha atención especial, na xornada de acollemento e nas titorías, para dar a coñecer o plan de convivencia.
- Profesorado: Informarase no primeiro claustro do curso sobre o plan de convivencia e a súa importancia.

10 Seguimento e avaliación

10.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretaras actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas a este.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctores e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

10.2 Propostas de Mellora

A memoria recollerá toda as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparezan. Ademais hai que ter en conta as propostas de mellora que poden presentar os distintos colectivos, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflitividade e condutas negativas detectadas, especialmente na ESO, que inciden de xeito moi negativo no clima do grupo e no seu rendemento, e ten unha relación directa co fracaso nos estudos e no posterior abandono dos mesmos.

[a] Ter en conta:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/orientacions_plan_convivencia_galego_28_03_18.pdf

[b] E tamén: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3945>

[c] Ver: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/comision de convivencia do centro.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/comision_de_convivencia_do_centro.pdf)

[d] Este apartado está redactado en presente cando realmente refírese o momento no que se escribiu o plan inicial.